**ORGANIZA:**

Consello Galego de Relacións Laborais

Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol

**PERSOAS DESTINATARIAS:**

- Organizacións empresariais e sindicais
- Graduados/as Sociais e avogados/as
- Alumnado da Facultade de Ciencias do Traballo
- Inspectores/as de Traballo e Seguridade Social
- Profesionais e persoas interesadas

**INSCRICIÓNS**:

Faranse por orde de solicitude, dende o 20 de marzo ata o 8 de abril de 2025 a través do enderezo electrónico formacion.cgrl@xunta.gal

**ASISTENCIA:**

Acreditarase a asistencia á xornada



CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# XORNADAS 2025

# O TRABALLO INFORMAL EN ESPAÑA:REALIDADE, IMPACTO E DESAFÍOS

**Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol**

**Salón de Actos Concepción Arenal**

**Rúa San Ramón, s/n. Campus Esteiro- Ferrol**

**Mércores, 9 de abril de 2025**

# O TRABALLO INFORMAL EN ESPAÑA: REALIDADE, IMPACTO E DESAFÍOS

**10:00 INAUGURACIÓN**

Antía Sández Callejo
Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais

Asunción López Arranz
Profesora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Facultade de Ciencias do Traballo da UDC

**10:15 MESA REDONDA**

**A DIRECTIVA 2024/2831, MELLORANDO AS CONDICIONS DE TRABALLO NAS PLATAFORMAS**

Raquel Naveiro Santos
Maxistrada da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

**O TRABALLO OU A IRREGULARIDADE NO TRABALLO**

Javier Fernández Travieso
Inspector de Traballo e Seguridade Social

**11:15 MESA DE AXENTES SOCIAIS**

**O TRABALLO INFORMAL: UNHA REALIDADE**

Interveñen representantes da CIG, UGT-Galicia, SN de CCOO de Galicia e da CEG

**12:15 PAUSA-CAFÉ**

**12:45 CONFERENCIA**

**O TRABALLO INFORMAL EN ESPAÑA**

Jaime Cabeza Pereiro
Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da UVigo

**13:30 CLAUSURA E FIN DA XORNADA**

FCCT
Facultade de Ciencias do Traballo

CENTENARIO ESCUELAS SOCIALES
RELACIONES LABORALES Y RECURSOS HUMANOS
1925-2025

Nesta xornada preténdese unha análise e debate do traballo informal, entendido como o realizado á marxe da normativa laboral e fiscal. É dicir, traballos sen contratos rexistrados oficialmente, sen dereitos laborais nin protección social, e que non contribúen fiscalmente ao país.

A OIT na Recomendación sobre Protección Social, adoptada no ano 2012 (núm 202), fai unha declaración de principios, reafirmando que o dereito á Seguridade Social é un dereito humano, recoñecéndoo como unha necesidade para o progreso, e así mesmo como unha ferramenta para previr a pobreza, desigualdade e a exclusión e inseguridade social.

Na actualidade o traballo informal segue sendo un desafío en todo o mundo, que vulnera gravemente os dereitos humanos, sendo unha ameaza para o desenvolvemento sustentable, que afecta a persoas traballadoras, á economía, e á recadación fiscal.

Segundo a OIT a economía mergullada representa entre un 16% e un 25% do PIB. Hai que destacar que o traballo informal ten efectos en diferentes aspectos como:

1. Evasión fiscal: pode ter un impacto negativo no financiamento de servizos públicos esenciais e no equilibrio orzamentario.
2. Precariedade laboral: isto contribúe a perpetuar a desigualdade social e a vulnerabilidade de certos colectivos.
3. Competitividade desleal: distorsiona a competencia no mercado e prexudica ás empresas que si cumpran coa normativa.
4. Desigualdade social: o traballo informal afecta especialmente a colectivos vulnerables.

DIRECCIÓN DA XORNADA

Antía Sández Callejo (Presidenta do CGRL)

Asunción López Arranz (Profesora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da UDC)